

## COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

### ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2014

Apróbase por asentimento:

- (i) A acta das reunións anteriores (da reunión ordinaria de 22-VII-2014 e da reunión extraordinaria de 23-VII-2014)<sup>1</sup>.
- (ii) A listaxe provisional de alumnas/os admitidas/os, suplentes e excluídas/os no Máster universitario en Avogacía para o curso 2014-2015 no segundo prazo de preinscrición<sup>2</sup> e delegar na coordinación a elevación a definitiva da devandita lista.
- (iii) Solicitar á Comisión de Estudos de Posgrao a apertura do terceiro prazo de preinscrición e matrícula no Máster universitario en Avogacía impartido na Facultade de Dereito para o curso 2014-2015
- (iv) Solicitar á Comisión de Estudos de Posgrao a transformación das prazas reservadas a titulados a prazas de formación continua no Máster universitario en Avogacía impartido na Facultade de Dereito para o curso 2014-2015, en caso de que non se cubran con titulados as prazas ofertadas.
- (v) Aprobar os cronogramas das materias do primeiro cuadrimestre do curso 2014-2015 presentados, instar a presentación do cronograma das materias Práctica Civil e Práctica Mercantil, solicitar á coordinadora da materia Práctica Penal I que asigne a materia e o profesor que impartirá dúas horas o día do exame, pedir que se concrete a materia que impartirán os letrados en Práctica Administrativa, instar ao coordinador da materia Deontoloxía a que modifique o cronograma co fin de incluír catro horas de obrigas fiscais do avogado e delegar na Sr.a Coordinadora a aprobación do cronograma das materias do primeiro cuadrimestre do curso 2014-2015 que faltan<sup>3</sup>.
- (vi) Modificar o Plan de prácticas e o cronograma da materia Prácticas Externas co fin de deixar os alumnos dúas tardes á semana libres para poder dedicarlle ao TFM.
- (vii) Modificar a listaxe de letradas/os docentes asignandos á materia “Deontoloxía, organización profesional e quenda de oficio” para o curso 2014/2015 co fin de incluír aos letrados Dña. Mónica Víctor e D. Miguel Diéguez, que tamén son profesores da materia Práctica Tributaria.
- (viii) Modificar a listaxe definitiva de asignación de despachos para a materia Prácticas Externas para o curso académico 2014-2015, co fin de aprobar o cambio solicitado pola alumna D<sup>a</sup>. Xiana Nogueira.

---

<sup>1</sup> Achéganse copias das actas aprobadas.

<sup>2</sup> Achégase a listaxe aprobada.

<sup>3</sup> Achégase copia do cronograma presentado.

(ix) Modificar a Normativa para elaborar o Traballo de Fin de Mestrado do Máster universitario en avogacía da Universidade de Vigo -Facultade de Dereito-<sup>4</sup>.

(x) Invitar ás reunións da Comisión Académica do Máster universitario en Avogacía con voz e sen voto aos representantes dos estudantes do máster, de xeito habitual, e sen prexuízo de poder puntualmente excluílos dalgún punto concreto cando se traten cuestións especialmente sensibles ou delicadas nas que non se considere adecuada a súa presenza na reunión.

Ourense, 11 de setembro de 2014

Máster universitario en Avogacía  
Facultade de Dereito

Universidade de Vigo

Marta Fernández Prieto  
Secretaria da Comisión Académica

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Académica do Máster universitario en Avogacía celebrada o día 10 de setembro de 2014 se publicaron oficialmente no tablón de anuncios da Facultade o día 15 de setembro de 2014.

Concepción Martínez Martínez  
Secretaria do Decanato da Facultade de Dereito

\*As actas das reunións dos días 22 e 23 de xullo de 2014, a listaxe provisional de alumnas/os admitidas/os, suplentes e excluídas/os no Máster universitario en Avogacía para o curso 2014-2015 no segundo prazo de preinscrición, o cronograma das materias do primeiro cuadrimestre do curso 2014/2015 e a Normativa para elaborar o Traballo de Fin de Mestrado do Máster universitario en avogacía poden consultarse na Secretaría do Decanato.

<sup>4</sup> Achégase copia da Normativa modificada.